



Resolución pola que se convoca concurso de traslados na E.P. SEAGA e se apertura o prazo de presentación de solicitudes.

1. Persoas destinatarias

O concurso de traslados vai dirixido ó persoal indefinido da empresa coa categoría profesional da vacante á que aspira e, de ser o caso, cos perfís profesionais requiridos para o posto.

2. Criterios de Adxudicación de Postos

A orde de prelación das persoas participantes para cada posto convocado determinarase conforme aos seguintes criterios:

2.1. Antigüidade total na entidade

Maior antigüidade total na entidade, a razón de 0,10 puntos por mes de traballo: computarase a totalidade dos períodos efectivos de traballo na empresa. Non obstante o anterior, ós efectos deste concurso de traslados tamén se terán en conta os períodos de inactividade das persoas con relación laboral descontinua en SEAGA, agás que existira ruptura de vínculo laboral coa empresa.

A adxudicación dunha praza a tempo completo a persoal que teña a condición de fixo-discontinuo implicará a novación modificativa do correspondente contrato de traballo que se convertirá a tempo completo.

2.2. Circunstancias de conciliación da vida persoal, familiar e laboral

No caso de empate na puntuación prevista no apartado anterior, valoraranse as seguintes circunstancias:

- Discapacidade da persoa traballadora igual ou superior ao 33 % oficialmente recoñecida: 5 puntos.
- Ter persoas dependentes a cargo recoñecidas oficialmente: 3 puntos.
- Ter fillos/as menores de 14 anos: 2 puntos por cada fillo/a.
- Condición de familia monoparental oficialmente recoñecida: 2 puntos.

2.3. Medidas de acción positiva por infrarrepresentación de sexo

De persistir o empate, terá preferencia a persoa do sexo infrarrepresentado na categoría profesional ou posto de destino, conforme aos datos oficiais da entidade na data da convocatoria.

A aplicación desta medida realizarase de conformidade co artigo 157.4 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sen carácter automático nin incondicional, garantindo en todo caso a

valoración das circunstancias particulares concorrentes nas persoas candidatas con méritos equivalentes.

2.4 Criterio final de desempate

De persistir empate tras a aplicación dos criterios anteriores, este resolverase mediante sorteo público.

3 . Sistema de resultas

As vacantes ofertadas son as que figuran no Anexo II desta resolución. Non obstante, as vacantes que se xeren como consecuencia da adxudicación dos postos incluídos na convocatoria poderán ser incorporadas ao procedemento mediante un sistema de resultas.

As resultas adxudicaranse seguindo a mesma orde de prelación establecida nas presentes bases e respectando a orde de preferencias manifestada polas persoas participantes na súa solicitude.

A resolución definitiva do concurso incluírá tanto os postos inicialmente convocados como os adxudicados por resultas.

A estes efectos, as persoas participantes poderán manifestar na súa solicitude expectativas de traslado respecto de postos ou ámbitos xeográficos non incluídos inicialmente na convocatoria.

Estas expectativas non xerarán dereito automático á adxudicación nin obriga de cobertura por parte da entidade, pero poderán ser tidas en conta para a cobertura de vacantes sobrevidas.

4. Solicitudes

As persoas interesadas en concorrer ó concurso de traslados deberán presentar a súa solicitude de participación mediante a remisión do Anexo I desta convocatoria, debidamente cumprimentado e asinado, no prazo de **3 días hábiles** seguintes á publicación da presente Resolución na páxina web de SEAGA. As canles habilitadas para a súa presentación son:

- presencialmente nas oficinas de rexistro de SEAGA si son documentos orixinais en papel, para que o persoal de rexistro acredite que é copia auténtica do documento.
- mediante correo electrónico á dirección laboral@epseaga.com si son documentos electrónicos firmados electrónicamente e/ou copias electrónicas auténticas.

A solicitude é vinculante. Unha vez pechado o prazo de presentación non se poderá modificar, engadir nin retirar a petición realizada. En consecuencia, as peticións de



postos indicadas na solicitude son obrigatorias e a adxudicación no destino solicitado é complementamente irrenunciábel.

5. Acreditación de méritos.

A antigüidade na entidade será calculada de oficio por SEAGA, non sendo necesaria a achega de nova documentación neste punto.

As persoas participantes deberán remitir xunto ca solicitude de participación, as circunstancias de conciliación de vida persoal, familiar e laboral para o caso de empate.

6. Lista provisional de adxudicación de postos

Unha vez analizadas as solicitudes, publicaranse na páxina web de SEAGA os resultados provisionais cas persoas propostas para os traslados, e as persoas interesadas disporán dun prazo de **3 días hábiles** para presentar reclamacións.

7. Lista definitiva de adxudicación de postos

Transcorrido o prazo establecido para as reclamacións, a Dirección de SEAGA publicará a resolución ca adxudicación definitiva dos postos de traballo.

En Santiago de Compostela a 01 de setembro de 2026

Ado: O director xerente



Martín Martínez Abal